

VIAXE AO ROMÁNICO

Monterroso a través das súas igrexas



ÍNDICE

MONTERROSO NORTE..... 1

San Cristovo de Novelúa.....	1.1
Santiago de Ligonde.....	1.2
San Xoán de Lodoso.....	1.3
Santa María de Tarrío.....	1.4
San Martiño de Fufín.....	1.5
San Pedro de Vilanova.....	1.6
Santa María de Leborei.....	1.7

MONTERROSO CENTRO..... 2

San Miguel de Esporiz.....	2.1
Santiago de Bidouredo.....	2.2
San Lourenzo de Pedraza.....	2.3
San Martiño de Cumbraos.....	2.4
San Cibrao de Pol.....	2.5
San Miguel de Penas.....	2.6

MONTERROSO SUR..... 3

San Pedro Frameán.....	3.1
San Martiño de Fente.....	3.2
Santa Mariña de Sucastro.....	3.3
San Salvador de Valboa.....	3.4
San Cibrao de Ferreiros.....	3.5
San Cristovo de Viloíde.....	3.6
Santa María de Bispo.....	3.7
San Salvador de Sambreixo.....	3.8



INTRODUCCIÓN

O estilo arquitectónico románico floreceu en Europa durante os séculos XI e XII. A súa evolución estivo estreitamente relacionada coa expansión do cristianismo e reflicte a profunda influencia da igrexa na sociedade medieval.

Entre as características máis distintivas do estilo románico inclúense:

- **Solidez na construción:** as igrexas románicas caracterizábanse por muros robustos e estruturas sólidas para resistir tensións e forzas.
- **O uso do arco de medio punto e a bóveda de medio canón e de aresta:** eran os elementos máis comúns nas construcións románicas.
- **A escaseza de vanos:** as aberturas en forma de ventás contribuía á solidez das estruturas.

Ademais, o estilo románico manifestouse na escultura e na pintura que adornaba ditos templos. As esculturas nas portadas e os capiteis representaban temas relixiosos e motivos simbólicos.

En Monterroso, erixíronse numerosas igrexas entre finais do século XII e principios do século XIII, en parte debido á influencia do Camiño de Santiago. Moitas destas igrexas experimentaron importantes reformas entre os séculos XVIII e XIX.

Estas igrexas rurais, maioritariamente, caracterízanse por ser sinxelas edificacións de planta rectangular, tanto a nave como a ábsida, só que esta última é máis baixa e estreita.

Os seus muros están construídos con perpiaños de granito, dispostos en fiadas horizontais. Están cubertas de madeira disposta en dobre vertente e sobre o seu artesanado vai colocada a tella curva característica da zona.


Soían ter pouca iluminación para invitar aos fieis á recollida; nos muros resaltaban as súas fiestras saeteras coroadas por un arco abocinado de medio punto con gran derrame interior, pero exentas de decoración.

Os beirados das igrexas están sustidos por canzorros, que os mestres soían enriquecer nos templos máis pobres con preciosos motivos xeométricos ou vexetais; en cambio, son máis sinxelos nas igrexas máis importantes.

O que máis destaca na fachada é a portada, que ten forma de arco de medio punto, embelecida con arquivoltas que descansan en columnas e capiteis xeralmente decorados con temas bíblicos para instruír aos fieis, aínda que tamén atopamos animais fantásticos, elementos vexetais, motivos xeométricos, etc.

Imaxes realizadas pola Escola-obradoiro de Turismo, có permiso da Diocese de Lugo.

EXEMPLO DE PORTADA ROMÁNICA



TERMINOLOXÍA ECLESIAÍSTICA

Tímpano: É semicircular, sitúase sobre o lintel e adoita estar decorado.

Lintel: Franxa horizontal sobre o marco superior da porta.

Arquivoltas: Conxunto de arcos concéntricos que compoñen unha porta abucinada.

Xamba: É cada unha das pezas que ocultan a unión entre o marco dunha porta e a parede.

Parteluz: Elemento arquitectónico sustentante, en forma de columna ou piares que divide o vano en dúas partes.

Pantocrátor: Representación do Salvador sentado, bendicindo, e enmarcado nunha curva pechada en forma de aménodoa.

Chambrana: Especie de moldura feita en pedra ou en madeira que se pon ao redor de portas ou ventás.

Ábsida: Parte da igrexa situada na cabeceira, que acolle a mesa do altar.

Capitel: Parte superior da columna. Unha columna componse de basa, fuste e capitel.

Presbiterio: Espazo que vai xusto a continuación da nave, precedido en moitos casos polo arco triunfal.

Fiestra saetera: Fiestra longa e estreita.

Hastial: Parte do muro de forma triangular producida pola intersección deste cos planos inclinados que forman a cuberta.

Ménsula: Saledizo sobre un muro sobre o que se apoian columnas ou arcos.



San Cristovo de **NOVELÚA**



A igrexa, un tesouro do románico galego, está situada sobre un castro no que se celebraban ritos para a fertilidade e protección da muller embarazada.

Existen tres teorías diferentes con respecto a orixe do topónimo de Novelúa:

A primeira delas e a máis consolidada debido á existencia do achado dun documento que data do ano 747 redactado polo Bispo de Lugo, no que sostén que esta igrexa foi fundada polo presbítero Novelo e a súa irmá Lúa; así mesmo, dá orixe ao actual nome do lugar.

A segunda, ten que ver cos ritos que se celebraban no castro no pasado, tanto de fertilidade como de protección dos embarazos. Novelúa, nove lunas, é dicir, nove meses lunares que chegan a coincidir cunha xestación.

Por último, a mitoloxía fala dunha fábula na que a protagonista era a deusa pagá Lúa, á que o pobo rendía culto na parroquia de Novelúa. No castro Cercio aínda se conserva un topónimo que se chama “a cadeira da reina” onde se supón que se sentaba a deusa.

Antes de chegar ao templo, atópase un pórtico de pedra e unha torre situada ao suroeste. A estrutura orixinal é de estilo románico, excluindo o último tramo da torre. A igrexa en sí consta dunha nave principal e un ábsida semicircular.

PÓRTICO E PORTA



No pórtico de entrada recíbenos a porta principal cun arco de medio punto.

O vano rectangular está enmarcado por un gran abocinado. Este abocinado componse de tres columnas acodilladas a cada lado, sobre as cales descansan tres arquivoltas que rodean un tímpano semicircular.

Déixase constancia do creador no tímpano mediante a frase:

"MAGISTER MARTINUS FECIT MEMORIA"

CAPITEIS



As columnas son de fustes lisos e monolíticos con dous tipos de decoración nos seus capiteis: vexetal e historiado, nestas últimas represéntanse un par de leóns afrontados e no outro dúas curiosas harpías.

VENTÁS SETEIRAS



(Prerrománica)

Encóntranse unha na fachada, outra no testeiro e unha terceira no tambor da ábsida. Os capiteis presentan unha estilizada decoración vexetal. A celosía da terceira imaxe é de orixe prerrománico.

ÁBSIDA



(Hornacina)

Na nave destacan unhas pinturas murais que decoran todo o conxunto do arco triunfal. Os capiteis deste teñen unhas formas moi traballadas; o do lado esquerdo mostra tipoloxía vexetal, mentres que o dereito presenta un capitel moi historiado que, desde o punto de vista de Jaime Delgado, representa a Sansón destruindo o templo dos filisteos.

Na parte interior da ábsida tamén observamos pinturas murais de diferentes épocas. Ademais, unha pequena **hornacina** escavada no arco sur, coroándose cun arco de medio punto.



Santiago de **LIGONDE**



Durante séculos, Ligonde foi unha importante estación xacobeá cunha igrexa rural consagrada ao Apóstolo Santiago, un hospital da Orde de Santiago e un cemiterio de peregrinos.

Da obra románica do templo queda o arco triunfal, grazas ao cal, permitiu aos estudiosos obter indicios para datar a construción en torno ao 1230.

ARCO TRIUNFAL

A talla dos capiteis do arco é de boa feitura. Nunha das súas bases aparecen dúas aves de perfil que miran en sentidos opostos mentres picotean froitos e prantas.



SEPULCRO



Na parede exterior, no muro meridional, está incrustada unha pedra esculpida que representa ao profeta Daniel no foso dos leóns. É unha lauda sepulcral, prerrománica, datada no ano 1062 na que se atopan os restos de Pedro, o fundador desta igrexa. No interior atópase fragmentada a tapa dunha lápida, catalogada da mesma época. Habría outra lápida detrás da porta principal cá cruz dunha orde militar.



San Xoán de Lodoso



A igrexa experimentou importantes cambios. A ábsida foi elevada e añadiuse unha sacristía, o que derivou na perda da súa aparencia románica orixinal. Ademais, a porta principal foi reformada, pasando de ser un arco a un deseño adintelado.

Na actualidade, os vestixios do antigo templo medieval redúcense a fragmentos dos muros laterais e parte do testeiro da ábsida. Neste último, consérvase unha ventá completa e un canzorro, que orixinalmente formaba parte do frontón.

PILA BAUTISMAL



VENTÁ

Posee un arco de medio punto e aresta baquetonada, cíñese por unha chambrana axedrezada.



Na zona norte do baixocoro, probablemente sita no seu lugar orixinal, encóntrase unha pila bautismal de indubable sabor románico. De labra tosca, a única decoración que mostra son dúas incisións que percorren todo o perímetro superior da súa copa.

CANZORROS



Aparece un no aleiro representando un coello que se asociaba á luxuria e ao impuro, tamén aparece outro adoptando unha forma de cabeza animal.



Santa María de TARRÍO



A igrexa revela unha temperá cristianización e, aínda que a actual é de trazas románicas, crese que foi construída nun lugar de outra anterior prerrománica de finais do século VI - principios do VII. É unha das poucas que conservan a súa traza orixinal románica, a excepción da espadana.


PORTA PRINCIPAL




Destaca a súa fermosa porta sobre a que se abre a típica ventá seteira. Consta dun arco de medio punto e dúas arquivoltas con dous pares de columnas acabadas en fustes monolíticos.

CAPITEIS

A decoración dos catro capiteis obedece á tipoloxía vexetal e antropomorfa.



CANZORROS



Os canzorros que sosteñen ambos aleiros vemos que teñen forma de proa de barco, sendo unha excepción os decorados con motivos xeométricos, como un do muro norte que ostenta tacos en damero.



San Martiño de FUFÍN



Esta igrexa foi reconstruída con elementos dunha antiga ermita dedicada a San Andrés. Da súa fábrica románica só sobreviven un par de canzorros próximos á fachada e a portada oeste pouco conservada e probablemente alterada.

PORTA



O seu arco de medio punto abraza un tímpano máis baixo do habitual sen ornamentos, sostido por dúas sinxelas mochetas.

CANZORROS



O do costado norte da nave, con forma de proa; o do lado sur lábrase en nacela e exhibe acanaladuras verticais.

CAPITEIS

No capitel da esquerda aprécianse follas e bolas erosionadas polo tempo, e no dereito o que poderían ser grifos enfrentados.



LÁPIDA



Como dato interesante, aínda que non ten que ver có estilo románico, no cemiterio podemos atopar a sepultura do poeta de raíces monterrosinas Lorenzo Varela (1916-1978), o cal faleceu o 25 de novembro de 1978, enterrado en Madrid, e o 27 de xaneiro de 1981 cumpriuse o seu desexo de xacer na súa terra natal.



San Pedro de **VILANOVA**




Conserva boa parte da súa fábrica de orixe, aínda que sufriu importantes reformas perdendo a súa fachada principal e tramos dos seus muros laterais ao longo do século XVIII. O nome indica que houbo unha vila anterior, probablemente romana.

CANZORROS



Situados nos costados da nave, son de talle bastante tosco; teñen esculpidas figuras con cabezas humanas e de animais, formas vexetais rematadas en bolas, sendo excepcionais os temas xeométricos que carecen de ornamento.

VENTÁS SATEIRAS



Presenta varias, unha a cada lado dos muros laterais, unha sobre o arco do triunfo e outra na cabeceira, están exentas de decoración con gran derrame interior.



Santa María de **LEBOREI**



De orixe románica; sufriu bastantes cambios fai máis de dous séculos, perdeu a fachada orixinal e todos os canzorros da ábsida e da nave. Actualmente, só se conserva o arco triunfal interior.

Conforme Nicandro Ares, o topónimo de Leborei procede de “villa Leoveredi”, a palabra vila significaba en latín gran explotación agraria; en canto ao segundo término é o xenitivo do nome persoal xermánico Leoveredo.

ARCO TRIUNFAL



Ademáis do esquema xeral da súa planta, só se conserva este arco de medio punto, con arestas en bocel e trasdoseado por unha ampla moldura con grosas bólas.

O tratamento e a valoración plástica que se aplican a estas bólas suxiren unha cronoloxía lixeiramente posterior, o que levaría xa ao último cuarto do século XII.





San Miguel de ESPORIZ



Foi a igrexa parroquial de Monterroso no século XX, no que se construíu a actual igrexa monterrosina. Como curiosidade, esta igrexa conta con unha única campá, xa que a outra se trasladou a actual igrexa do municipio.

A orixe toponímica da aldea de Esporiz provén do nome persoal de orixe visigótico Spodericus, aludindo a un señor que funda a súa vila en dito lugar.

Tras sufrir profundas reformas, o que se conserva é un fragmento da nave, cun bo número de canzorros no muro sur, a porta principal e o arco triunfal no seu interior.

ARCO TRIUNFAL



O arco triunfal é de medio punto, de aresta viva e motivos axedrezados; está apoiado en columnas e capitéis con diversa ornamentación. Nel hai unha rara inscrición, co nome de "PLAGIO", é dicir, Pelagio. Crese que pode ser o construtor da igrexa ou do arco en concreto.

PORTA



Ten un arco de medio punto e dúas arquivoltas; a exterior formada por dovelas de recuadros moi decorados con cruces, motivos florais e xeométricos e, a interior é de menos importancia. Estas arquivoltas sostéñense sobre catro columnas con remates de capiteis variados.



TÍMPANO



Unha parella de mochetas en forma de cabeza de touro sostén o tímpano, que exhibe unha cruz grega e un dintel con dous pequenos arcos cegos.



CANZORROS



Son de decoración variada nos beirados, dous sinxelos no muro norte e once no muro sur; éstos en forma de proa, un ostenta un voluminoso rollo e outro unha cabeza de bóvido.

CURIOSIDADES

No século XVI, adosouse ao lado norte da nave unha capela adicada á Inmaculada, para iso abriuse un gran arco no muro e así comunicala coa igrexa. Pode apreciarse hoxe en día.

ARCO



ÍDOLO



Foi colocado no muro sur que cerra o atrio; ten labrada unha cabeza monstruosa con ollos, nariz e enorme boca mostrando as súas fauces.

A súa orixe é calificada de precristián por algúns autores, mentres que outros opinan que pode ser románico.



Santiago de **BIDOUREDO**



Templo románico adicado a Santiago o Maior. Foi construído encima dun antigo castro; segue conservando o seu encanto románico a pesar da súa sobriedade; sufriu poucos cambios co paso do tempo, só seañadiu unha ventá e reconstruíuse a espadana.

PORTA PRINCIPAL



A obra máis interesante do conxunto. Ten arquivolta de medio punto con casetóns, dúas ordes de columnas e o tímpano adintelado sobre mochetas.

CAPITEIS

Con decoración vexetal rematada con bólas, ademáis dunha cara humana e dúas mans de significado aínda por desentrañar.



CANZORROS

Na cornixa aparecen aspas, bólas, cavetos, proas, caras e xeometrías que se adecúan ao ton austero do edificio.



PORTA EXTERIOR

Con sinxelas mochetas, a maior altura sobresaen varias ménsulas que deberon soportar un pórtico antigamente.



VENTÁS SATEIRAS

Ten catro, unha no muro da fachada outra no testeiro. Hai outras dúas a cada lado da nave, en disposición simétrica. Son de arco de medio punto carecendo de elementos decorativos.



ARCO TRIUNFAL

Moi sinxelo, de medio punto con indicios de apontoamento. De sección rectangular, apoiado no muro pilastra mediante impostas lisas.



PÍA BAUTISMAL

Realizada en granito, a súa fonte é en copa e o seu pé consta de fuste, na actualidade partido, e basa cuadrangular. Carece de ornamentación algunha, antigamente realizábase o bautismo por infusión e inmersión.



ESPADANA

Cun solo vano. En arco de medio punto, foi reformada pero conserva gran parte das súas pezas orixinais.





San Lourenzo de PEDRAZA



Trátase da igrexa máis antiga do Románico monterrosino, superando incluso á catedral lucense. Unha inscrición no seu testeiro dátaa en 1127, o que a converte nun lugar prominente. Antes do ano 1000 existiu aquí un núcleo cristián, con categoría de igrexa parroquial, non de capela como agora. A pesar de que sufriu diversas reformas o seu prebisterio chegou intacto ata nós.

VENTÁ ABSIDAL



Cun arco de medio punto liso sostido por columnas acodilladas a ambos laterais. Estas columnas álzanse sobre basas altas e toscas, cuxa sinxela ornamentación parece preceder a dos fustes. O que resulta inusual é que non están talladas de forma independente, sino que forman parte integral dos sillares que compoñen o muro.

CANZORROS

Ten oito, 4 a cada lado dos aleiros da ábsida, de decoración zoomórfica e figuras humanas en diferentes posturas. Todos poseen gran expresividade aínda que están labrados toscamente. No muro testeiro, baixo o ángulo do tellado, existe outro máis sinxelo e máis pequeno.





San Martiño de CUMBRAOS



A igrexa aínda conserva íntegra a súa estrutura románica pois sufriu pequenas reformas, como foron a desaparición da ventá seteira da porta e realzouse a espadana dun só oco.

Un escudo coas armas dos Noguerol, Gayoso e Arias testifican que foron os donos da casa torre e da capela familiar, agora igrexa parroquial.

CANZORROS

Impactan pola súa cantidade e variedade. Hai figuras humanas, animalísticas e xeométrico-vexetais. Son un total de 24.



ARCO TRIUNFAL



PORTA E TÍMPANO



O seu tímpano resulta atípico, o románico atopámolo na súa única arquivolta de medio punto.

Sinxelo arco de medio punto peraltado e composto por unha dobre arquivolta.

VENTÁ SETEIRA E ABSIDAL

Conta con dúas ventás seteiras unha a cada lado da nave e unha ventá absidal: de decoración atípica, coroase por un arco de medio punto apoiado no muro.





San Cibrao de POL



Existen vestixios de que houbo no lugar un templo anterior a este, como son a existencia dun sarcófago antropomoide, unha pila bautismal e o titular da igrexa "San Cipriano" bispo mártir. Conserva da súa planta orixinal románica parte da nave e da ábsida. No seu interior conserva o seu arco triunfal con curvatura irregular.

PORTA LATERAL



Situada no lado sur cun arco de tendencia apuntada, oculto ao exterior por un tímpano semicircular que se apoia en mochetas de sobria decoración e leva esculpida unha cruz cuxos brazos forman dúas líneas paralelas.

VENTÁ SETEIRA

Coroada por unha sinxela moldura semicircular, está aberta no muro testeiro e sobre esta ventá está incrustada unha cabeza de carneiro.



CANZORROS



Situados en ambos alzados da ábsida. Están esculpidos con motivos variados: cabezas de monstros e humanos, relieves xeométricos etc.



San Miguel de PENAS




A igrexa álzase contigua ao pazo e a torre. Está unida mediante un paso alto polo que se accedía directamente dende o pazo ao presbiterio da igrexa. Antigamente foi propiedade dos señores da casa, hoxe é unha igrexa parroquial. No interior do templo sepultáronse os primeiros donos, existe un sarcófago que deixa constancia delo. Boa parte da súa fábrica primitiva perdeuse a través do tempo.

PORTA PRINCIPAL



Con arco de medio punto, ten dúas arquivoltas e capiteis exentos de motivos decorativos. As mochetas sosteñen un tímpano semicircular cunha cruz latina no centro.

CANZORROS



Todos teñen forma de proa e sosteñen o tellado cortado en nacela.

VENTÁS SETEIRAS

Son de tipo románico máis sinxelo, simples aberturas verticais, estreitas e profundas, con derrame interior.



PORTA LATERAL SUR

Coroaa un arco apuntado, pola parte exterior oculta un dintel sobre o que se asenta outro máis de forma pentagonal.





San Pedro de **FRAMEÁN**



O topónimo de Frameán, provén do visigótico Frámila, e fálanos dun personaxe importante ubicado aquí na Idade Media en donde se fundou a súa casa señorial. O seu nome co paso do tempo pasou a ser o da parroquia.

A igrexa sufriu importantes reformas nos anos setenta do século pasado, retén do románico o encanto na súa traza, nunha ventá e nos rudos canzorros.


VENTÁ SETEIRA

Situada no testeiro do presbiterio, é de medio punto con aresta baquetonada, perfila a súa rosca cun sogueado inciso e descansa directamente sobre as xambas.



CANZORROS

Hai un situado no hastial da ábsida cunha cabeza de ser demoníaco usado a modo de piñón. Ademais deste hai outros no exterior dos muros e da nave.





San Martiño de **FENTE**



Aínda que conserva boa parte das súas pedras románicas, engadiuselle unha sacristía posteriormente de considerable tamaño pegada ao lado sur, alterando o equilibrio da construción medieval.

PORTA E TÍMPANO



Debido as modificacións sufridas na fachada oeste o tímpano quedou mal encaixado sobre as moquetas nunha porta adintelada moi estreita. Mostra unha cruz grega no seu centro rodeada de ornamentos semicirculares e dous arquiños cegos no lintel.

ARCO TRIUNFAL

Consérvase na súa integridade, compóñeno dúas arquivoltas de medio punto.



CAPITEIS ARCO TRIUNFAL



Decorados con aves, cuadrúpedos, follas e ornamentos de moi boa factura. Tamén hai algún rostro humano de talla menos cuidada.



Santa Mariña de SUCASTRO




Tanto o topónimo, como o lugar no que se levanta o templo, constitúen un claro exemplo de cristianización dun antigo castro. “Su (per) Castrum”, é dicir, encima do castro. Nel existiu culto cristián varios séculos antes da edificación da actual igrexa. A fachada occidental foi reformada, o resto da igrexa conserva as pedras e o espírito románico oito séculos e medio despois da súa construción.

PORTA PRINCIPAL

Mutilada nunha reconstrución, o seu arco substituíuse por un lintel, pero conserva as dúas columnas que o sostíña. O lintel apoia-se no muro e nas columnas, éstas son de fustes lisos.



CAPITEIS PORTA



Con motivos zoomorfos erosionados e unha posible parella de grifóns que no capitel sur picotean unha cabeza humana. O outro capitel decorase cun cuadrúpedo de longas patas que agarra unha ave.





VENTÁ SETEIRA

Un a cada lado da ábsida en arco de medio punto con derrame interior abucinado.

VENTÁ ABSIDAL

Situada no testeiro, a súa chambrana é axedrezada e ten capiteis nos que se enroscan aves e cuadrúpedos. Baixo esta ventá, unha inscrición que non está totalmente descifrada pero podería revelar o nome dun bispo en tempos da consagración do templo.



CANZORROS

Son lisos e en forma de proa ou xeométricos, situados na nave e na ábsida.



PILA BAUTISMAL

Unha atópase no exterior da igrexa e a outra no costado sur do sotocoro, de granito e sen decoración algunha.



PORTA MURO SUR

Existe unha porta primitiva con arco de medio punto oculto ao exterior polo tímpano adintelado a paño co muro e sostido por mochetas de decoración xeométrica.



San Salvador de VALBOA




O seu topónimo componse de dúas palabras latinas, o sustantivo "vallis" val e o adxectivo bona. Neste bon val é onde se ubica esta igrexa románica, que nos chega casi intacta desde 1147. Só se alterou a fachada oeste, perdendo a antiga espadana e a saetera no centro do muro.

PORTA PRINCIPAL

Reformada, utilizáronse pezas da orixinal. Ten arco de medio punto, con arquivoltas, tímpano liso e con mochetas decoradas con cabeza de touro.



VENTÁS SETEIRAS



Unha na cabeceira, outra na ábsida. Con arco de medio punto, columnas acodilladas e capiteis con decoración vexetal.

A cada lado da nave hai unhas máis sinxelas co seu típico e amplo derrame interior.

ARCO TRIUNFAL



De gran beleza e importancia debido a súa influencia nas igrexas da zona, así como á disposición das súas tres arquivoltas, dúas delas de medio punto e están ceñidas por outra que está a paño co muro.

CAPITEIS ARCO TRIUNFAL



Xoias da escultura románica, profusamente decorados, no seu capitel dereito está representada a adoración dos reis Magos, do esquerdo existen dúbidas e diferentes teorías.

PILA BAUTISMAL

De tradición románica moi sinxela. Sitúase xunto á portada oeste. Realizada en granito, a súa tipoloxía é en copa e apoíase sobre un pé cilíndrico, añadido a posteriori.



INSCRIPCÍONS

Nun perpiaño da parte inferior do muro da fachada aparece esculpida a data da igrexa. Noutro perpiaño do muro norte da nave aparece esculpido o nome do maestro construtor PELAGIO.



CANZORROS

Situados na ábsida e a cada lado da nave, son lisos e cortados en caveto. Encima da ventá da nave podemos ver un canzorro cunha cruz latina esculpida cunha especie de capitel ou basa truncada, que debeu suxeitar unha cruz antefixa.





San Cibrao dos **FERREIROS**



O topónimo de Ferreiros que dá nome á parroquia, procede da industria do ferro. É unha igrexa de dimensións modestas e de tosca labra. As reformas posteriores a súa construción afectaron a casi toda a nave, excepto a ábsida. A menos de medio quilómetro, pola parte sur da igrexa, atopámonos co castro de Ansar.

ARCO TRIUNFAL

Formado por dobre arquivolta de medio punto con lixeira tendencia á ferradura, é de sección rectangular e de aristas vivas.



CANZORROS



De sinxela decoración xeométrica, labrados en proa ou caveto. Dous en nacela cunha liña vertical no medio.

VENTÁ SETEIRA

A ventá está coroada por tres arcos graduados. Os dous interiores lisos, o terceiro decorado cunha moldura axedrezada. Os dous exteriores apoianse no muro, o do interior apoia-se en dúas columnas. As follas que decoran os seus capiteis son moi estilizadas.





San Cristovo de **VILOÍDE**



Esta igrexa só conserva da obra románica orixinal o presbiterio e a súa traza, onde está o típico banco de pedra adosado ao interior dos seus muros laterais. A súa estrutura e os seus elementos decorativos fanos ser un dos exemplos de igrexas máis humildes e sinxelas do románico rural.

ARCO TRIUNFAL

Formado por unha dobre arquivolta de medio punto, que asenta no muro e nunha columna a cada lado do fuste monolítico.





CANZORROS

Hai un canzorro no alto do muro testeiro que ten forma de cabeza humana. Hai varios ao longo dos costados da cabeceira, están decorados con sobrios motivos xeométricos ou cortados en caveto.

CAPITEIS ARCO TRIUNFAL



Posúen unha decoración vexetal estilizada que chega a adoptar forma de caxato con pequenas bólas nas esquinas.






Santa María ***O BISPO***



É escaso o románico que sobrevive en Santa María do Bispo e non puido escapar das modificacións. Nesta igrexa, das primeiras décadas do século XIII, contén elementos que parecen falar dun románico moi avanzado.

PORTA PRINCIPAL



É de extrema sinxeleza, con dúas pequenas mochetas baixo o seu lintel, cuxos lados menores parecen graduados.

VENTÁS SETEIRAS

O seu arco de medio punto ten gran derrame interior, non posúen motivo decorativo algún.



PILA BAUTISMAL



Granítica, cunha base cadrada adornada por gadoupas en cada extremo.




San Salvador de **SAMBREIXO**



Nesta igrexa atopámonos cō curioso caso dun dobre titular. Un é San Breixo, que agora dá nome á parroquia e San Salvador, o seu titular. Da súa fábrica orixinal románica consérvanse practicamente na súa integridade: os muros laterais da nave e toda a súa fachada, incluída a súa espadana. Desapareceu toda a ábsida e o muro testeiro cō seu arco triunfal.

PORTA PRINCIPAL

Coróanse por un arco de medio punto con dúas arquivoltas de sección rectangular, estas están perfiladas exteriormente por outro arco de igual forma, sendo liso e a paño cō muro. O tímpano é semicircular e leva no centro incisa unha cruz que se asenta sobre dúas mochetas, a dereita ten esculpida unha tosca cabeza humana e a esquerda unha piña.





PORTA SUR

Coroada por dentro cun arco de medio punto e exteriormente alintelada, o lintel de forma pentagonal apoiado en cada lado nunha mocheta, as cales rematan nun liso xambaxe. A mocheta dereita adornada con cabeza humana, a esquerda cunha tarxeta.

CANZORROS



Están nos beirados dos muros, son de talla basta, a maioría cunha pestana vertical central. Algúns locen unha forma esférica central que remata nalgúns casos en cabezas humanas e outras en esquemáticas rosetas. A súa anchura é superior á habitual.

VENTÁS SETEIRAS



Nos muros do templo podemos atopar varias ventás seteiras, algunhas abocinadas en arco de medio punto e outras máis reformadas.



ESPADANA

A espadana mantén o esquema medieval. Ten un só corpo de dous ocos en arco de medio punto peraltado. Remátaa un frontón que está enmarcado por unha cornixa que sobresa e decorada con bólas.





OBRADOIROS DE EMPREGO DE GALICIA

2023 / 2024